# INTRAHISTORIAS DA ARQUITECTURA IV

## CURSO DE HISTORIA DA ARQUITECTURA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

19 abril - 24 xuño 2022
Horario: 19:00-20:30 h
Modalidade: En liña

Dirixe e imparte: Fermín Blanco




Cada nova edición do curso *Intrahistorias da arquitectura* pretende achegarnos á arquitectura e ás súas derivadas dun modo diferente. Sen dúbida, a pandemia mudou a nosa visión da arquitectura, o urbanismo, a contorna, o cambio climático e, en especial, a relación da humanidade coa natureza. Por este motivo a edición de 2022 está, máis que ningunha outra, marcada pola relación entre arquitectura e natureza. Unha visión coma sempre transversal, onde repasaremos, en clave actual, a obra e o pensamento de varios referentes neste ámbito. O paisaxismo, a xestión dos recursos naturais, a bioconstrución, o deseño de xardíns, a renaturalización de espazos urbanos, a biofilia e mais os vínculos entre arte, deseño e natureza van estar moi presentes nas sesións deste ano. Como en anteriores edicións contaremos coa presenza de invitados especializados en cada un destes eidos; expertos e expertas que nos acompañarán neste achegamento á arquitectura máis verde.

METODOLOXÍA

Neste curso achegarémonos ás bases conceptuais da arquitectura en dez sesións nas que se combinará a exposición dos diferentes temas do programa a cargo de Fermín Blanco coa intervención das persoas invitadas procedentes de diversas disciplinas profesionais.

Os temas elixidos serán transversais a varios campos disciplinarios. Con isto buscamos fomentar a participación dun público heteroxéneo interesado na arquitectura pero non especificamente experto na materia.

PROGRAMA

| | |
|---|---|
| 19 abril | Territorio e paisaxe no Antropoceno. Especies e arquitecturas pioneiras |
| 26 abril | *Land art:* Christo e Jeanne-Claude |
| 3 maio | Encontro con Cristina García Fontán |
| 10 maio | O deseño do xardín na arquitectura contemporánea |
| 16 maio | Activismo e territorio. César Manrique |
| 24 maio | Mesa redonda. Permacultura: cidades famentas e outras cidades posibles |

Cada nueva edición del curso *Intrahistorias de la arquitectura* pretende acercarnos a la arquitectura y sus derivadas de un modo diferente. Sin duda, la pandemia ha cambiado nuestra visión de la arquitectura, el urbanismo, el entorno, el cambio climático y, en especial, la relación de la humanidad con la naturaleza. Por este motivo a edición de 2022 está, más que ninguna otra, marcada por la relación entre arquitectura y naturaleza. Una visión como siempre transversal, donde repasaremos, en clave actual, la obra y el pensamiento de varios referentes en este ámbito. El paisajismo, la gestión de los recursos naturales, la bioconstrucción, el diseño de jardines, la renaturalización de espacios urbanos, la biofilia y los vínculos entre arte, diseño y naturaleza estarán muy presentes en las sesiones de este año. Como en anteriores ediciones contaremos con la presencia de invitados especializados en cada uno de estos campos; expertos y expertas que nos acompañarán en este acercamiento a la arquitectura más verde.

METODOLOGÍA

En este curso nos acercaremos a las bases conceptuales de la arquitectura en diez sesiones en las que se combinará la exposición de los diferentes temas del programa a cargo de Fermín Blanco con la intervención de personas invitadas procedentes de diversas disciplinas profesionales.

Los temas elegidos serán transversales a varios campos disciplinarios. Con esto buscamos fomentar la participación de un público heterogéneo interesado en la arquitectura pero no específicamente experto en la materia.

PROGRAMA

| | |
|---|---|
| 19 abril | Territorio y paisaje en el Antropoceno. Especies y arquitecturas pioneras |
| 26 abril | *Land art:* Christo y Jeanne-Claude |
| 3 mayo | Encuentro con Cristina García Fontán |
| 10 mayo | El diseño del jardín en la arquitectura contemporánea |
| 16 mayo | Activismo y territorio. César Manrique |
| 24 mayo | Mesa redonda. Permacultura: ciudades hambrientas y otras ciudades posibles |

31 maio Construír con baixo impacto ambiental. A bioconstrución
7 xuño Antropoloxía e paisaxe social. Ana Asensio
14 xuño Rexeneración ambiental. Políticas ambientais e espazos en transformación
21 xuño Paisaxes resilientes. Miriam García

FERMÍN BLANCO (La Pola, Asturias, 1977) é doutor arquitecto pola Universidade Politécnica de Madrid e arquitecto pola ETSAVA. A súa traxectoria profesional está impregnada polo carácter educativo e divulgativo dos seus proxectos, sempre nun ámbito híbrido entre disciplinas. Comeza a súa experiencia profesional co arquitecto Manuel Gallego (2003-2006) e, a partir de 2006, exerce a profesión desde o seu propio estudio na Coruña.

Durante estes anos realizou exposicións e impartiu cursos e conferencias relacionados coa arquitectura, o deseño e a didáctica. En 2008 funda Sistema Lupo, un paraugas baixo o que actualmente se acubilla un excelente equipo de profesionais implicados no binomio arquitectura-educación. A súa premiada tese de doutoramento, "Los huesos de Fisac: la búsqueda de la pieza ideal", marcou o inicio dunha serie de proxectos de carácter científico-divulgativo sobre a transferencia do coñecemento desde a técnica e a arte á sociedade. Na actualidade coordina, entre outros, os programas *Nenoarquitectura* na Fundación Luís Seoane da Coruña, *MIES é +* no CGAC, *Mestra de obra* e *Eskoola proiektua,* coas comunidades escolares do sistema público. Ademais é cofundador da asociación Ludantia Arquitectura e Educación.
www.ferminblanco.com

PERSOAS DESTINATARIAS: O curso está dirixido a estudantes, profesorado e público interesado na historia da arquitectura, a historia da arte, a xardinaría e o paisaxismo.

INSCRICIÓN: O prazo de inscrición estará aberto do 22 ao 30 de marzo de 2022. As persoas interesadas poden enviar un correo electrónico a cgac.pedagogia@xunta.gal no que deberán indicar o seu nome completo, DNI, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo electrónico e un teléfono de contacto. Cada solicitante recibirá un correo electrónico de confirmación e as indicacións precisas para realizar o pago da matrícula.

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: O CGAC entregaralles un certificado a todas aquelas persoas que asistan, como mínimo, ao 75 % das sesións.

COORDINACIÓN: Gema Baños

31 mayo Construir con bajo impacto ambiental. La bioconstrucción
7 junio Antropología y paisaje social. Ana Asensio
14 junio Regeneración ambiental. Políticas ambientales y espacios en transformación
21 junio Paisajes resilientes. Miriam García

FERMÍN BLANCO (La Pola, Asturias, 1977) es doctor arquitecto por la Universidad Politécnica de Madrid y arquitecto por la ETSAVA. Su trayectoria profesional está impregnada por el carácter educativo y divulgativo de sus proyectos, siempre en un ámbito híbrido entre disciplinas. Comienza su experiencia profesional con el arquitecto Manuel Gallego (2003-2006) y, a partir de 2006, ejerce la profesión desde su propio estudio en A Coruña.

Durante estos años ha realizado exposiciones e impartido cursos y conferencias relacionados con la arquitectura, el diseño y la didáctica. En 2008 funda Sistema Lupo, un paraguas bajo el que actualmente se cobija un excelente equipo de profesionales implicados en el binomio arquitectura-educación. Su premiada tesis doctoral, "Los huesos de Fisac: la búsqueda de la pieza ideal", marcó el inicio de una serie de proyectos de carácter científico-divulgativo sobre la transferencia del conocimiento desde la técnica y el arte a la sociedad. En la actualidad coordina, entre otros, los programas *Nenoarquitectura* en la Fundación Luís Seoane de A Coruña, *MIES es +* en el CGAC, *Mestra de obra* y *Eskoola proiektua,* con las comunidades escolares del sistema público. Además es cofundador de la asociación Ludantia Arquitectura y Educación.
www.ferminblanco.com

PERSONAS DESTINATARIAS: El curso está dirigido a estudiantes, profesorado y público interesado en la historia de la arquitectura, la historia del arte, la jardinería y el paisajismo.

INSCRIPCIÓN: El plazo de inscripción estará abierto del 22 al 30 de marzo de 2022. Las personas interesadas pueden enviar un correo electrónico a cgac.pedagogia@xunta.gal en el que deberán indicar su nombre completo, DNI, estudios, área trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Cada solicitante recibirá un correo electrónico de confirmación y las indicaciones necesarias para realizar el pago de la matrícula.

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: El CGAC les entregará un certificado a todas aquellas personas que asistan, como mínimo, al 75 % de las sesiones.

COORDINACIÓN: Gema Baños

CGAC
DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 631/02
cgac.pedagogia@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

Xacobeo 21·22
XUNTA DE GALICIA